

QUÉ É O SEGURO DEPORTIVO?

É unha póliza que cubre aos/ás deportistas dos accidentes deportivos producidos durante a súa práctica federada e que debe cumprir os requisitos mínimos esixidos no Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño.

Ter contratado o seguro deportivo é, por lei, unha condición imprescindible para obter unha licenza federativa.

Cantos seguros de accidentes deportivos ten a federación?

Deportistas menores de 6 e maiores de 16 anos

- Compañía: Everest.
- Tramitación de sinistros a través de Itegra.

*Contratado pola federación e financiado polos clubs.

Deportistas entre 6 e 16 anos

- Compañía: Surne.
- Tramitación de sinistros a través de Gerosalud.

*Contratado e financiado pola Xunta de Galicia.

Tipos de urxencias resultanes dun accidente deportivo



URXENCIA VITAL: que pode implicar perigo de morte ou secuela funcional grave no caso de non recibir atención médica inmediata.

URXENCIA NON VITAL: que non implica perigo de morte ou secuela funcional grave no caso de non recibir atención médica inmediata.

No caso das urxencias vitais debemos acudir ao Servizo de Urxencias máis próximo, e declarar o parte nun prazo de 24 horas. Nos demais casos debemos seguir o protocolo marcado.

☎ 986 41 16 08

WWW.FGBALONMAN.ES

✉ servizosmedicos@fgbalonman.com



SEGURO DEPORTIVO

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

01. Qué é?, e qué cubre o seguro deportivo?
02. Qué seguros de accidentes deportivos ten a FGBm?
03. Cómo e cando debemos usalo?
04. Curiosidades que debemos saber sobre o seguro deportivo.
05. 3 Consellos a deportistas.

CÓMO E CANDO DEBEMOS USAR O SEGURO DEPORTIVO?

O seguro deportivo debe utilizarse sempre que se produza un accidente deportivo; é dicir, cando haxa unha lesión corporal a raíz dun traumatismo ocorrido durante a práctica deportiva federada, e por causas alleas á vontade do/a deportista.

Deportistas menores de 6 e maiores de 16 anos

Os/as deportistas deberán ter descargada no móbil a tarxeta dixital de Itegra, se non a teñen, deberán poñerse en contacto con club. En caso de accidente deportivo, deberán seguir os seguintes pasos:

1. Avisar do accidente á persoa responsable do seguro dentro do club.
2. Abrir parte de sinistro a través da App (Itegra) ou chamar ao teléfono: 960 99 68 40 (luns a domingo ata as 00:00 hrs)..
3. Nun prazo de 24 horas recibirá un email e unha notificación no móbil (se ten a tarxeta dixital de Itegra) co centro asignado, onde deberá pedir cita para acudir á primeira consulta.

*En caso de urxencia non vital (sospeita fractura ósea, perda de coñecemento, ferida aberta,...) chamar ao 960 99 28 40

IMPORTANTE: dende o momento no que se da parte do sinistro, o/a deportista non poderá adestrar nin xogar, ata que a persoa responsable do club envíe a alta médica a info@fgbalonman.com con copia a servizosmedicos@fgbalonman.com.
O sinistro deberá comunicarse nun prazo de 7 días dende a súa ocorrencia para que a compañía aseguradora se faga cargo do mesmo.

Deportistas entre 6 e 16 anos

Os/as deportistas comprendidos neste tramo de idade, en caso de accidente deportivo, deberán seguir os seguintes pasos:

1. Avisar do accidente á persoa responsable do seguro dentro do club.
2. Abrir parte de sinistro a través da plataforma: <https://partesxogade.es>, ou chamar ao teléfono: 881 850 087.
3. Nun prazo máximo de 7 días, o club debe enviar o parte de sinistro a través da plataforma:

<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>

CURIOSIDADES QUE DEBEMOS SABER SOBRE O SEGURO

- A Federación Galega de Balonmán, por lei, non poderá emitir ningunha licenza sen a contratación do seguro deportivo que cumpra cos requisitos do Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño.
- O seguro non cubre enfermidades nin doenzas, cubre lesións resultantes dun traumatismo ocorrido durante a práctica deportiva federada.
- Para que a compañía aseguradora asuma o sinistro, é imprescindible que a actividade conte co visto bó da federación.
- Dende o momento que os/as deportistas declaren un sinistro, non poderán adestrar nin xogar ata que dispoñan da alta médica e se reenvíe á federación.
- O seguro proporciona unha cobertura por un período máximo de 18 meses.
- A compañía aseguradora en ningún caso asumirá lesións derivadas doutras preexistentes.
- Para gozar da cobertura do seguro deportivo no extranxeiro ou en torneos e competicións que non estén organizadas pola FGBm, o club deberá solicitar cobertura á federación con un mes de antelación.
- O seguro deportivo poderá rehusar un sinistro sempre e cando a circunstancia esté recollida nas cláusulas da póliza, que está publicada na páxina web da FGBm.
- No caso de que os tempos de atención se dilaten ou se produza calquera problema coa cobertura dun sinistro, é recomendable contactar cos servizos médicos da federación, manter a calma e priorizar en todo momento o benestar do federado/a, non o regreso inmediato á actividade.

3 CONSELLOS A DEPORTISTAS

- É aconsellable que as persoas que pasen por unha intervención cirúrxica, cando reciben a alta médica, non se incorporen directamente á actividade; deben realizar un período de rehabilitación e readaptación acorde á gravidade da súa lesión; do contrario as posibilidades de recaída aumentan; unha cuestión é a alta médica (facer vida normal) e outra a alta deportiva (volver á actividade). Os prazos para as lesións máis comúns do noso deporte, a rotura de ligamentos cruzados do xeonllo e o SLAP no ombreiro, necesitan un período de recuperación de entre 7 e 9 meses para comezar a adestrar e xogar.
- Os/as deportistas deben respectar os tempos e protocolos de recuperación no referido a adestramentos, partidos e mesmo entre tempadas; deben tratar de desfrutar de descanso de calidade a nivel físico e mental. Para iso é importante asesorarse por profesionais sobre as cargas de adestramento e competición tanto en pista coma en praia.
- Deben levar a cabo unha alimentación saudable e unha boa hidratación con auga antes, durante e despois do exercicio; deste xeito os tecidos poderán recuperar mellor, eliminaranse toxinas e favorecerase o rego sanguíneo.